ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS COMO TÉCNICOS/AS DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SESIÓN DO 23/04/2021

Proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita nomeamentos interinos como técnicos/as de administración xeral.

Tribunal de selección:

Presidente: Jesús García Porto

Secretaria: Ángela Mª Viqueira Allo

Vogal 1: José M. Lago García

Vogal 2: Ignacio Soto González

Vogal 3: Juan Jesús Raposo Arceo

Na Casa Consistorial do Concello de Boiro, sendo as 09.00 horas do 23/04/2021, baixo a presidencia de Jesús García Porto reúnense os membros do tribunal designado para a formación dunha bolsa de emprego, que permita nomeamentos interinos como técnicos/as de administración xeral do Concello de Boiro, coa finalidade de poñer en común supostos prácticos e proceder á elección dos que serán obxecto de exame.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local por acordo de data 16/12/2020. O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 221 de data de 24/12/2020, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.org

O obxectivo nesta sesión é a realización do 2º exercicio da oposición e a súa valoración e a resolución das alegacións presentadas ó primeiro exercicio da oposición.

1.- Segundo exercicio da oposición.

Esta proba consisteu na realización por escrito, nun período máximo de tres horas, de 2 sopostos prácticos relacionados coas materias do temario comprendido no anexo desta convocatoria. Este exercicio ten carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 20 puntos sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

Sistema de avaliación: Neste exercicio valorase, ademais do contido, a capacidade de raciocinio, síntese, a sistemática na formulación, a emisión de conclusións, a capacidade de expresión escrita, claridade, orde de ideas e manexo de plataformas de contratación.

A proba ten lugar no salón de plenos do concello comezando ás 09.37 horas e finalizando as 12:37 horas.

Unha vez realizada a proba, o tribunal procede á avaliación resultou a seguinte puntuación:

DNI	NOME	Puntos
XXX645H	S D R	NO APTO
XXX695W	M D CH G	16.25
XXX454A	B G V	12.50

2.- 3º exercicio. Proba de coñecemento da lingua galega.

Tódalas aspirantes presentadas teñen acreditado o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredita ter, como mínimo o CELGA 4, polo que se lles da por superada esta proba coa cualificación de apto.

3.- Resolución de alegacións ó 1º exercicio da oposición.

A candidata Beatriz González Vecín presentou dentro do prazo establecido ó efecto, a seguinte alegación ó primeiro exercicio da oposición:

"Reclamación á puntuación do primeiro exáme, alegando que donde figura 5,8 puntos, unha vez realizados os cálculos en relación ó número de preguntas correctas e incorrectas ou en branco, debería figurar unha puntuación de 5,84 puntos."

Unha vez revisada a proba, este tribunal, por unanimidade, resolve estimar a alegación presentada.

4.- Prazo de presentación de alegacións:

O tribunal acorda por unanimidade establecer un prazo de **TRES** días hábiles, contados a partir da data de publicación dos resultados para a presentación de posibles alegacións relativas ó segundo exercicio da oposición.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 14:00 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

Jesús García Porto

José M. Lago García

Juan Jesús Raposo Arceo

Ángela Mª Viqueira Allo

Ignacio Soto González

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008